

TAXA POLA SUBMINISTRACION DE AUGA E CONSERVACION DE CONTADORES E ACOMETIDAS.

Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e consonte o que dispoñen os artigos 15 a 19 e 20.4 t) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL); este Concello establece a taxa por administración de auga, conservación de contadores e acometidas que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do TRLRFL.

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa:

1.- A utilización da rede de abastecemento de auga polos predios situados no termo municipal, os dereitos de acometida e o beneficio obtido polo mantemento do contador e a acometida.

2.- A utilización da rede de abastecemento de auga polas vivendas situadas no núcleo de O Pedral, parroquia de A Mella, conectados á rede de abastecemento de auga do concello de Boimorto; en virtude do convenio administrativo a formalizar entre ambos concellos; así como os dereitos de acometida e o beneficio obtido polo mantemento do contador e acometida.

Para os efectos de aplica-la taxa distínguense tres tipos de consumo:

- Usos domésticos: son os que atenden ás necesidades vitais, tales como bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo, etc.
- Usos industriais: son aqueles nos que a auga se emprega como motor ou como axente mecánico ou químico, e nos que se verifica a transformación en vapor, xeo, bebidas carbónicas, etc.
- Usos para obras: son os que atenden ás necesidades da construción, como elaboración de argamasas e formigóns, rego e outras.

2.- O servizo de verificación e conservación de contadores nos termos previstos no artigo 29 do Regulamento do servizo municipal de fornecemento de auga potable.

3.- O servizo de conservación de acometidas nos termos previstos no artigo 15 do Regulamento do Servizo municipal de fornecemento de auga potable.

Artigo 3º.- SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as entidades físicas e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a prestación do servizo ou sexan usuarias do mesmo en virtude de calquera título.

2.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados, que poderán repercuti-las cotas, no seu caso, nos respectivos usuarios.

Artigo 4º.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- BASE IMPOÑIBLE

A base imponible da taxa por administración de auga potable está constituída polo consumo de auga medido en metros cúbicos e dependendo do concepto de ingreso

Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA.

I.-Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por administración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

A.- Usos domésticos:

1.- Por mantemento do servizo	€/ m ³	
1.1.- Mínimo de 10 m ³ mes -----		0,4314 €/m ³
1.2.- Desde 10 m ³ a 15 m ³ mes -----		0,6039 €/m ³
1.3.- Máis de 15 m ³ /mes -----		0,8361 €/m ³

B.- Usos industriais

1.- Por mantemento do servizo		
1.1.- Mínimo de 50 m ³ mes -----		0,5609 €/m ³
1.2.- Por m ³ que exceda do mínimo -----		0,8844 €/m ³

C.- Usos para obras

1.- Por mantemento do servicio	
1.1.- Mínimo de 100 m ³ mes -----	0,5609 €/m ³
1.2.- Por m ³ que exceda do mínimo -----	0,9923 €/m ³

2.- A cota que se esixirá en todo caso pola prestación do servicio será a mínima establecida segundo o tipo do consumo.

3.- No caso de avaría no equipo de medida ou falla de aboamento no momento de efectua-la lectura, estimarase o consumo consonte co previsto no Regulamento do servicio municipal deministración de auga potable.

4.- Os usuarios que carezan de contador pagarán unha cota mensual de 24 m³ polo uso doméstico e 240 m³ no caso de obras.

II.- Outras cotas:

A) Cota de alta no servicio----- 69,32 €.

B) Cota única por dereitos de acometida a red xeral de abastecemento -----123,28 €.

C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores----- 0,2123 €.

D) Cota mensual por conservación de acometidas ----- 0,2123 €.

Artigo 7º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se aplicarán exencións, bonificacións ni reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos teñan que satisfacer.

Artigo 8º.- OBRIGA DE CONTRIBUIR

A taxa devengarase a partir do comezo da prestación do servicio.

Artigo 9º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- A facturación dos consumos farase bimestralmente. Non obstante, e con carácter excepcional, o Concello poderá aproba-la facturación mensual no caso de aboados con consumos superiores a 500 m³ que o soliciten, e previo informe da empresa suministradora.

2.- Os suxeitos pasivos deberán presenta-la solicitude de alta ou baixa no servicio e, unha vez concedida a licencia de conexión á rede, incorporaranse o censo de suxeitos pasivos en concepto de taxa por ministración de auga potable.

3.- Os suxeitos pasivos que aparezan como titulares o comezo de cada periodo facturado están obrigados ó pagamento das liquidacións mensuais ou trimestrais correspondentes.

Artigo 10º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Con respecto á calificación das infraccións rexerá o disposto nos artigos correspondentes do Regulamento do servizo municipal de administración de auga potable, e para todo o relativo a calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior Ordenanza reguladora da taxa pola subministración de auga e conservación de contadores e acometidas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, cúa redacción foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de novembro de 2007, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2.008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.